

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 1 DE XUÑO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a un de xuño de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as nove

horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 24 de maio de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

2.- CONCESIÓN DE QUINTA PRÓRROGA NO PRAZO DE INICIO DE OBRA AMPARADA EN LICENZA MUNICIPAL

ANTECEDENTES

1º.- Don José Doporto Regueira, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar da Torre, parroquia de Guillar, solicita con data 18 de abril de 2022 (RE-E núm. 172) unha quinta prórroga do prazo para o inicio das obras de **INSTALACIÓN DE EXPLOTACIÓN DE GALIÑAS POÑEDORAS CAMPEIRAS**, con emprazamento no lugar da Torre, parroquia de Guillar.

2º.- A Xunta de Goberno Local do Concello, na sesión celebrada o día 17 de setembro de 2019, acordou conceder a correspondente licenza municipal para as obras descritas, non fixándose expresamente o prazo de inicio das obras, polo que resulta de aplicación o prazo máximo por defecto, establecido en seis meses, en virtude do disposto no artigo 145.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).

3º.- Segundo o manifestado polo solicitante, as obras non foron iniciadas a esta data.

4º.- Con datas 2 de xuño de 2020, 22 de setembro de 2020, 19 de maio de 2021 e 3 de decembro de 2021, a Xunta de Goberno Local concedeu ao solicitante catro prórrogas de seis meses, que remataron o día 4 de abril do corrente.

5º.- Consta informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 27/05/22, acreditando a conformidade da licenza coa ordenación urbanística vixente.

FUNDAMENTO XURÍDICO

Único.- O artigo 145.2 da LSG textualmente dispón: “Os concellos poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado”.

Debidamente informados de canto antecede e acreditado o cumprimento dos requisitos legais esixibles, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Conceder ao solicitante unha quinta prórroga de seis meses para o inicio das obras, que rematará o día 4 de outubro de 2022.

3.- APERTURA DO PRAZO DE SOLICITUDE DE PRAZAS NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI) PARA O CURSO 2022-2023

Por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acórdase que entre

os días 6 e 23 de xuño do corrente, ambos inclusive, figure aberto o prazo de presentación de solicitudes de prazas no Punto de Atención á Infancia (PAI) para o vindeiro curso 2022-2023, de conformidade co previsto no artigo 9 e concordantes do Regulamento de organización e funcionamento do Punto de Atención á Infancia (PAI) do Concello de Rodeiro.

4.- CONTRATACIÓNS LABORAIS PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORAS EN SITUACIÓN DE BAIXA POR INCAPACIDADE TEMPORAL (IT)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Laura Eiriz Sobrado e Dona Rosa María Beleda Presas, traballadoras laborais do Concello en prazas de auxiliar de axuda no fogar, causaron baixa laboral por IT, con datas 19 e 25 de maio de 2022 respectivamente. Xa que logo, existe a necesidade de proceder á contratación urxente duns/has novos/as traballadores/as que presten os devanditos servizos durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que prestan aos/ás usuarios/as beneficiarios/as da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que as contratacións propostas non contradín a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2022, establecida no artigo 20.Catro da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que os postos de traballo deberan ser provistos nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia das contratacións, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública das mesmas, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal

cualificado para ocupar estas interinidades ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes e a proposta da traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación das seguintes traballadoras, como auxiliares de axuda no fogar, mediante cadanseus contratos de substitución a tempo parcial (25 horas/semana e 27,50 horas/semana, respectivamente), ao abeiro do disposto no artigo 15.3 do Estatuto dos Traballadores e artigo 4 do RD 2720/1998, do 18 de decembro:

- ✓ MARÍA DEL CARMEN VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, con DNI núm. [REDACTED], en substitución de Laura Eiriz Sobrado.
- ✓ SUSANA JUIZ PEREIRA, con DNI núm. [REDACTED], en substitución de Rosa María Beleda Presas.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

5.- BASES E BAREMO PARA A PROVISIÓN DUN (1) POSTO DE TRABALLO AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL)

Dáse conta aos Sres. concelleiros presentes da resolución de data 27 de maio de 2022 da xefa territorial da Consellería de Emprego e Igualdade en Pontevedra (RE núm. 845, do 30/05/22) pola que se concede a este Concello unha subvención por importe de 17.519,40 € para a contratación dun posto de traballo de enxeñeiro forestal, a tempo completo e durante un período de nove meses, ao abeiro da Orde do 7 de xaneiro de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (DOG núm. 21, do 01/02/22).

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Aprobar as bases e baremo da selección para a provisión dun posto de traballo subvencionado ao abeiro do APROL Rural, co contido íntegro que se contén no anexo do presente acordo.

ANEXO

BASES E BAREMO PARA O PROCESO DE SELECCIÓN DO/A TRABALLADORA/A A CONTRATAR AO ABEIRO DO APROL RURAL 2022

A/ BASES

OBXECTO: O obxecto das presentes bases é a selección do/a traballador/a a contratar polo Concello con cargo ao APROL Rural 2022, de conformidade cos requisitos establecidos na Orde de convocatoria.

DENOMINACIÓN E NÚMERO DE POSTOS OFERTADOS:

- 1 enxeñeiro forestal.

TIPO DE CONTRATO: Contrato temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (código 405).

XORNADA: 37,5 horas semanais e horario de mañá e/ou tarde en función das necesidades do servizo.

DURACIÓN DO CONTRATO: 9 meses.

SALARIO:

- Enxeñeiro forestal: 1.443,47 € brutos mensuais, incluído prorrateo de pagas extras (I Convenio estatal para o sector de actividades forestais, publicado no BOE núm. 165, do 11/07/19)

REQUISITOS:

- Os xerais da Lei.
- Previa preselección polo Servizo Público de Emprego (SPE).
- Para o posto de traballo de enxeñeiro forestal: Grao universitario en enxeñería forestal.

FORMA DE ACREDITACIÓN: Copia auténtica da documentación requirida.

A documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo deberá ser presentada no Concello no prazo de tres días naturais, contados a partires do día seguinte ao día fixado polo SPE para a súa presentación no Concello.

B/ BAREMO

B1/ CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS (ATA 3 PUNTOS)

- | | |
|---|-------------|
| • Por ser muller | 1,00 punto. |
| • Por ser menor de 30 anos | 1,00 “ |
| • Por ser maior de 45 anos | 1,00 “ |
| • Por discapacidade recoñecida legalmente | 1,00 “ |

FORMA DE ACREDITACIÓN: Copia auténtica do DNI ou documento de valor equivalente. Para a discapacidade copia auténtica da resolución administrativa de recoñecemento.

B2/ SITUACIÓN FAMILIAR (ATA 3 PUNTOS)

- | | |
|---|--------------|
| • Por cada fillo ou menor en acollemento | 0,25 puntos. |
| • Por familia monoparental | 0,50 “ |
| • Por cada fillo con discapacidade recoñecida | 1,00 “ |
| • Por familia numerosa con título expedido | 2,00 “ |

FORMA DE ACREDITACIÓN: Copia auténtica do libro de familia e certificado municipal de convivencia da unidade familiar. No caso de discapacidade ou familia numerosa, copia auténtica dos documentos que o acrediten. Aos efectos do presente baremo, enténdese por unidade familiar a formada polo titular, cónxuxe ou parella de feito debidamente inscrita no rexistro correspondente, fillos e fillas menores de 26 anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

B3/ SITUACIÓN DE DESEMPREGO (ATA 4 PUNTOS)

- | | |
|---|-------------|
| • Por desemprego do solicitante superior a 2 anos | 2,00 puntos |
| • Por desemprego do solicitante superior a 1 ano | 1,00 “ |
| • Por desemprego do solicitante superior a 6 meses | 0,50 “ |
| • Por non percibir prestación ou subsidio por desemprego | 1,00 “ |
| • Por ser integrante de colectivo desfavorecido ou en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios de RISGA | 1,00 “ |

FORMA DE ACREDITACIÓN: Para o tempo de desemprego, informe de períodos de inscrición expedido polo SPE. Para a non percepción de desemprego, certificado do SPE que así o acredite. Para colectivo desfavorecido ou en risco de exclusión, documento oficial acreditativo de dita circunstancia.

6.- BASES E BAREMO PARA A PROVISIÓN DE DOUS (2) POSTOS DE TRABALLO DE SOCORRISTA DA PISCINA MUNICIPAL AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN SOLICITADA PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS

Dáse conta aos Sres. concelleiros presentes da resolución de data 26 de maio de 2022 da xefa territorial da Consellería de Emprego e Igualdade en Pontevedra (RE núm. 830, do 26/05/22) pola que se concede a este Concello unha subvención por importe de 6.733,72 € para a contratación de dous postos de traballo de socorristas, a tempo completo e durante un período de dous meses, ao abeiro da Orde do 7 de xaneiro de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (DOG núm. 21, do 01/02/22).

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar as bases e o baremo de selección para a provisión dos dous postos de traballo para os que se solicitou subvención, co contido íntegro que se contén no anexo do presente acordo.

Segundo.- Establecer a formación académica no eido deportivo como criterio de emparellamento, segundo o permitido no artigo 14.3 c) da Orde da convocatoria, ao considerar de interese público para o Concello que os seleccionados dispoñan de dita formación para a súa colaboración no deseño e desenvolvemento das actividades lúdicas e deportivas que se van ofertar na piscina municipal durante a tempada estival, dirixidas a diferentes colectivos sociais (infancia, xuventude, terceira idade, asociacións, etc.).

ANEXO

BASES E BAREMO PARA O PROCESO DE SELECCIÓN DOS/AS TRABALLADORES/AS A CONTRATAR AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DE EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS

A/ BASES

OBXECTO: O obxecto das presentes bases e baremo é a selección dos/as traballadores/as a contratar polo Concello con cargo á subvención referida, de conformidade cos requisitos establecidos na Orde de convocatoria.

DENOMINACIÓN E NÚMERO DE POSTOS OFERTADOS:

- 2 socorristas para a piscina municipal de Rodeiro.

TIPO DE CONTRATO: Contrato temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (código 405).

XORNADA: 37,5 horas semanais, prestadas de luns a domingo, en horario de mañá e/ou tarde en función das necesidades do servizo e cos descansos establecidos legalmente.

DURACIÓN DO CONTRATO: 2 meses.

SALARIO:

- 1.268,12 € brutos mensuais, incluído prorrateo de pagas extras e complemento.

REQUISITOS:

- Os xerais da Lei.
- Previa preselección polo Servizo Público de Emprego (SPE).
- Inscripción en vigor na Sección de socorristas en instalacións acuáticas do Rexistro profesional do persoal socorrista, información e primeiros auxilios de Galicia, regulado no Decreto 152/2021, do 21 de outubro (DOG núm. 216, do 10/11/21).

FORMA DE ACREDITACIÓN: Copia auténtica da documentación requirida.

A documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo deberá ser presentada no Concello no prazo de cinco días naturais, contados a partires do día seguinte ao día fixado polo SPE para a súa presentación no Concello.

B/ BAREMO

B1/ CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS (ATA 2 PUNTOS)

- Por ser muller 1,00 punto.
- Por ser menor de 30 anos 1,00 “
- Por ser maior de 45 anos 1,00 “
- Por discapacidade recoñecida legalmente 1,00 “

FORMA DE ACREDITACIÓN: Copia auténtica do DNI ou documento de valor equivalente. Para a discapacidade copia auténtica da resolución administrativa de recoñecemento.

B2/ SITUACIÓN FAMILIAR (ATA 2 PUNTOS)

- Por cada fillo ou menor en acollemento 0,25 puntos.
- Por familia monoparental 0,50 “
- Por cada fillo con discapacidade recoñecida 1,00 “
- Por familia numerosa con título expedido 2,00 “

FORMA DE ACREDITACIÓN: Copia auténtica do libro de familia e certificado municipal de convivencia da unidade familiar. No caso de discapacidade ou familia numerosa, copia auténtica dos documentos que o acrediten. Aos efectos do presente baremo, enténdese por unidade familiar a formada polo titular, cónxuxe ou parella de feito debidamente inscrita no rexistro correspondente, fillos e fillas menores de 26 anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

B3/ SITUACIÓN DE DESEMPREGO (ATA 3 PUNTOS)

- Por desemprego do solicitante superior a 1 ano 2,00 puntos
- Por desemprego do solicitante superior a 6 meses 1,00 “
- Por non percibir prestación ou subsidio por desemprego 1,00 “
- Por ser integrante de colectivo desfavorecido ou en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios de RISGA 1,00 “

FORMA DE ACREDITACIÓN: Para o tempo de desemprego, informe de períodos de inscrición expedido polo SPE. Para a non percepción de desemprego, certificado do SPE que así o acredite. Para colectivo desfavorecido ou en risco de exclusión, documento oficial acreditativo de dita circunstancia.

B4/ FORMACIÓN ACADÉMICA NO EIDO DEPORTIVO: (ATA 3 PUNTOS)

- Ciclo formativo FP, grao medio 1.00 punto.
- Ciclo formativo FP, grao superior 2,00 “
- Licenciatura ou Grao universitario 3,00 “

FORMA DE ACREDITACIÓN: Copia auténtica da correspondente titulación.

7.- BASES, TRIBUNAL E BAREMO PARA A PROVISIÓN DUN (1) POSTO DE TRABALLO SUBVENCIONADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO ABEIRO DO PROXECTO “PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL”

Dáse conta aos Sres. concelleiros presentes que a Deputación Provincial, por acordo da Xunta de Goberno de data 27 de maio do corrente, resolveu outorgar ao Concello a condición de entidade colaboradora do proxecto “*Primeira Experiencia Profesional*”, e conceder unha subvención, por importe de TRECE MIL DOUSCENTOS EUROS (13.200,00 €), para a contratación laboral dun/ha traballador/a, de conformidade co solicitado no seu día polo Concello, por acordo deste órgano adoptado na sesión celebrada o día 3 de maio do corrente, ao abeiro da convocatoria de subvencións realizada pola Deputación Provincial, en réxime de concorrencia non competitiva, para o proxecto “*Primeira Experiencia Profesional*” nos concellos da provincia de Pontevedra 2022/2023 no marco do programa Plan de fomento da empregabilidade (BOP núm. 74, do 19/04/22).

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar as bases, tribunal e baremo de selección para a provisión de dun posto de traballo subvencionado ao abeiro do proxecto “*Primeira Experiencia Profesional*” da Deputación Provincial, co contido íntegro que se contén no anexo do presente acordo.

Segundo.- Aprobar o plan formativo individual, que se incorporará como anexo ao contrato, e designar como titora á educadora familiar do Concello Dona Ana Belén Rodríguez Pérez.

ANEXO

BASES E BAREMO PARA O PROCESO DE SELECCIÓN DO/A TRABALLADOR/A A CONTRATAR AO ABEIRO DO
PROXECTO “PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL”

BASES

OBXECTO: O obxecto das presentes bases e baremo é a selección do/a traballador/a a contratar polo Concello con cargo ao proxecto “*Primeira Experiencia Profesional*”, de conformidade coas bases reguladoras aprobadas pola Deputación Provincial e publicadas no BOP núm. 74, do 19 de abril de 2022.

DENOMINACIÓN E NÚMERO DE POSTOS OFERTADOS:

- 1 administrativo adscrito ao Departamento de Servizos Sociais.

TIPO DE CONTRATO: Contrato de formación para a obtención da práctica profesional.

XORNADA: 37,5 horas/semana

DURACIÓN DO CONTRATO: Un (1) ano.

SALARIO: 1.341,63 € brutos mensuais, incluído prorrateo de pagas extras e complementos.

REQUISITOS:

- Os xerais da Lei.
- Previa preselección polo Servizo Público de Emprego (SPE).
- Acreditar estar en posesión da seguinte titulación e/ou formación: Ciclo Superior de Formación Profesional en Administración e Finanzas.
- Cumprir os requisitos establecidos nas Bases do Proxecto, particularmente os recollidos na Base cuarta.
- Presentar, xunto coa solicitude de participación no modelo oficial que será facilitado polo Concello, a seguinte documentación:
 - ✓ DNI.
 - ✓ Titulación requirida.
 - ✓ Certificación académica oficial.
 - ✓ Vida laboral actualizada.
 - ✓ Certificado histórico de empadronamento.

FORMA DE ACREDITACIÓN: Orixinal ou copia auténtica da documentación acreditativa.

A documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo deberá ser presentada no Concello no prazo máximo de CINCO DÍAS NATURAIS, contados a partires do seguinte ao día fixado polo SPE para a súa presentación no Concello.

TRIBUNAL

O Tribunal cualificador estará integrado polas seguintes persoas:

PRESIDENTE: Jorge Ojea Mato, AEDL do Concello.

VOGAIS: Ana Belén Rodríguez Pérez, educadora familiar do Concello.

Natalia Salgado Rodríguez, traballadora social do Concello.

SECRETARIO (con voz e sen voto): O do Concello ou funcionario en quen delegue.

BAREMO

Para a puntuación e selección dos/as candidatos/as ao posto de traballo ofertado aplicaranse integramente os méritos correspondentes aos criterios de selección establecidos no Anexo III das Bases reguladoras do proxecto (BOP núm. 74, do 19/04/22).

FORMA DE ACREDITACIÓN: Orixinal ou copia auténtica da documentación acreditativa.

8.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- MANUEL NÚÑEZ FIUZA 242,00 €
Por publicidade institucional do Concello no diario “El Periódico de Lalín e comarca”, s/factura núm. 0280-22.
- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 22.413,05 €
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de abril de 2022, s/recibos.
- NATURGY IBERIA S.A. 8.068,79 €
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de abril de 2022, s/recibos.
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 17,40 €, 209,23 €, 69,39 € E 64,30 €
Por consumos dos teléfonos das dependencias municipais, s/facturas núm. TA6UX0001291, TA6UX0001292, TA6UX0001311 e TA6UX0001312 (FACe).
- R.M. PRINT GALICIA S.L. 388,41 €
Por subministro de vinilos para ventás do Centro de Saúde, s/factura núm. A/2022050.
- FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE 276,97 €
Por achega anual ao Fondo, s/factura núm. R2022-75 (FACe).
- RECURSOS E PROGRAMAS ACTIVOS S.L.U. 4.671,54 €
Por prestación de servizos de axuda no fogar, modalidade de dependencia, no mes de abril de 2022, s/factura núm. 22A00052 (FACe).
- MARÍA JOSÉ DÍAZ MARTUL 12,10 €
Por reparación de pneumático de vehículo municipal, s/factura núm. A/920.

- ALUMINIOS APERGLASS S.L. 114,95 €
Por colocación de vidro no muíño de Rodeiro, s/factura núm. 20220039.
- RECAMBIOS J&J S.C. 10,90 €
Por subministro de placa de matrícula, s/factura núm. A/237.
- ALUMINIOS APERGLASS S.L. 127,05 €
Por colocación de vidro na estación de bombeo de auga, s/factura núm. 20220038.
- GSI DOTACIÓN INDUSTRIAL S.L. 24,42 €
Por subministro de roupa de traballo para o Servizo municipal de recollida do lixo, s/factura núm. FAC2206984 (FACe).
- SERTEGO SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES S.L.U. 234,01 €
Por recollida e tratamento de residuos voluminosos do Punto Limpo, s/factura núm. 1001238E2201969 (FACe).
- ALUMINIOS APERGLASS S.L. 471,17 €
Por colocación de vidros no pavillón polideportivo municipal, s/factura núm. 20220037.
- REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. 1.123,85 €
Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/factura núm. 0041170027 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas corenta e cinco minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)